Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 19 Agosto 2014 17:23



O Club Baloncesto Nigrán comeza a súa tempada iniciando os adestramentos das diferentes categorías no Pavillón Municipal de Panxón. Entre as actividades programadas para esta pretempada está a organización dun torneo para as categorías INFANTIL , CADETE E XUNIOR o domingo día 6 de Setembro en Gondomar e unha semana despois , o domingo día 14, poñen en marcha outro Torneo de Mini-basket (categorías BAY, ALEVÍN E BENXAMÍN) en Nigrán.

Para o desenvolvemento destes dous torneos o o club invitou a diferentes clubs da comunidade galega.

Adianta que o vindeiro martes día 26 participarán en Cangas no Torneo organizado polo Club Defensores do Morrazo ao que foron invitados.

Ademais seguen en contacto cos diferentes centros educativos da localidade para a posta en marcha das escolas deportivas de baloncesto co obxectivo de achegar esta disciplina deportiva aos nenos e nenas de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 19 Agosto 2014 17:23

